SOMOS ACTIVOS – SOMOS SAÚDE

PANEL DE PROMOCIÓN DA SAÚDE

- ⏏Nesta actividade, imos a deseñar unha campaña de promoción dos estilos de vida saudables, empregando un ou varios formatos (cartelería, videos, mensaxes, etc.).

- Cada grupo tedes que escoller unha temática e decidir que tipo de formatos de soporte ides a empregar. Para este proxecto, podedes empregar tanto os recursos das outras tarefas que xa fixestes, como os que atoparedes nesta actividade, ou os que atopedes na rede.

- Para o deseño da campaña imos a convertirnos en especalistas en publicidade. Para elo, seguide os seguintes consellos:

1 - As campañas publicitarias baséanse principalmete na imaxe

2 - O segundo aspecto máis importante é a mensaxe de texto que se emprega

3 - O formato que soporta a imaxe e a mensaxe é determinante para o seu impacto.
(Video, panel xigante, pegatina, etc.)

*Ademáis de estes aspectos, é importante planificar o voso proxecto seguindo o que se chama un modelo lóxico

MODELO LÓXICO

FINALIDADE → OBXECTIVO XERAL

Define as necesidades e o voso **OBXECTIVO XERAL**
(ex. Promover o emprego das escaleiras, incrementar o consumo de froitas, etc.)
e a **POBOACIÓN** á que vai deseñada
(profes, alumnos, pais, etc.)

Listade os vosos **RECURSOS** e que tipo de actividades podedes deseñar segundo eles
(posters, videos, blog, etc.)
para asegurar a viabilidade

Definide o **PLAN DE ACTUACIÓN**
(actividades a realizar, quen se responsabiliza de cada actuación, cando ten que estar finalizada e cando temos que ter o producto final
[ELABORADE UN **CRONOGRAMA**]

EXECUCIÓN e **AVALIACIÓN**
(lanzar a vosa campaña e avaliar con indicadores o éxito acadado)
[Reflexión sobre todo o proceso]

NECESIDADES | RECURSOS DISPOÑIBLES | ACTIVIDADES / IMPLEMENTACIÓN | RESULTADOS

COMO SE FARÁ → ¿PARA QUÉ?

Coma exemplo imos ver como é a campaña que fixo a Consellería de Sanidade para **promover o emprego das escaleiras** e fomentar os **desprazamentos a pé.**

(*premede na imaxe para acceder á documentación)



Se vos fixades, esa campaña de promoción emprega diferentes formatos de presentación (tipos de carteis e pegatinas, infografías, etc.) e tamén ten diferente tipos de mensaxes.

⏏ Podedes facer a vosa campaña tomando coma exemplo este modelo, así que comezade no voso grupo escollendo un tema <u>obxectivo</u> e facede unha primeira <u>cascada de ideas</u>.

OBXECTIVO

CASCADA DE IDEAS

1
2
3
4
5
…

*EIQUÍ TEDES UNHA TÁBOA EXEMPLO DE CÓMO PODEDES ORGANIZAR O VOSO PROXECTO

OBXECTIVOS	ESTRATEXIAS	TAREFAS	QUÉN	DATA LÍMITE	INDICADORES DO RESULTADO
REDUCIR O CONSUMO DE SNACKS DA CAFETERÍA DO CENTRO	CAMPANA INFORMATIVA	DESENO DE PANEIS PARA EXPOSICIÓN	Definir quen é responsable de cada tarefa- (coordinación, búsqueda de materiais, de imaxes, quen elabora as mensaxes, etc.)	Fixar as datas límites para cando tedes que ter cada recurso, cando vos ides reunir, cando ten que estar finalizado o proxecto, etc.)	Deseñar una ENQUISA para pasar aos ALUMNOS - PAIS - Profesores (ACERCA DOS PANEIS

*VISUALIZADE UN EXEMPLO DE CAMPAÑA QUE FOI TODO UN ÉXITO NA PROMOCIÓN DO EMPREGO DAS ESCALEIRAS

TheFunTheory.com. *Piano stairs*. *En Youtube*. Licenza de Youtube estándar

*Podedes ver outras iniciativas coma esta en: Thefuntheory.com

*Premede no logo non caso de no poder ver o vídeo

- Unha vez que teñades feita a vosa campaña, ides a crear o voso PANEL DA SAÚDE:

1. A función do panel da saúde e mostrarlle a todo o centro escolar todo o que sabedes e facedes respecto dos hábitos saudables.

2. Para empregalo, tedes que decidir que ides a poñer no panel cada mes, ou sexa, cantas seccións vai a ter (nutrición, exercicio, apps de salud, artígos de prensa, etc.

O PANEL DA SAÚDE

- NUTRICIÓN
- ACTIVIDADE FÍSICA
- APPs (fitness, nutrición, etc.)
- PRENSA
- CAMPAÑA DE PROMOCÍÓN MENSUAL (mochila escolar, escaleras, descanso, etc.)
- ETC:

SOMOS ACTIVOS – SOMOS SAÚDE

RÚBRICA DE AVALIACIÓN - SOMOS ACTIVOS - SOMOS SAÚDE					
Criterios de Avaliación					
B1.1, B1.4, B12.3					
Estándares de Aprendizaxe					
PEVSB1.1.1, PEVSB1.1.2, PEVSB1.4.2, PEVSB1.4.3, PEVSB2.3.1					
COMPETENCIAS CLAVE TRABALLADAS					
CMCCT / CD / CAA/ CSC / CSIEE					
CATEGORÍAS		**4**	**3**	**2**	**1**
1- Lectura reflexiva dos dcumentos da campaña "Chanzo a Chanzo". Selección de obxectivo da campaña e cascada de ideas		Visualizan o manual da campaña da Xunta, escollen o seu obxectivo e fan unha proposta creativa de alomenos 5 ideas para levar a práctica no seu proxecto.	Visualizan o manual da campaña da Xunta, escollen o seu obxectivo e fan unha proposta creativa de 2 ou 3 ideas.	Visualizan o manual da campaña da Xunta, escollen o seu obxectivo e fan unha proposta creativa de 1 ou 2 ideas	Visualizan o manual da campaña da Xunta, escollen o seu obxectivo pero non fan proposta práctica
2 – Planificacíón das actividades (modelo lóxico) e elaboración da campaña		Planifican as actividades seguindo a folla de traballo proposta. Asingan responsabilidades dentro do grupo, datas límite e establecen como avaliar a eficacia do seu proxecto	Planifican as actividades seguindo a folla de traballo proposta. Asingan algunha responsabilidade a establecen ben as datas límites, ben como avaliar a eficacia do seu proxecto.	Planifican as actividades seguindo algún punto da folla de traballo proposta. Non clarifican de todo as responsabilidades, as datas límites e como avaliar a eficacia do proexecto.	Planifican as actividades pero non siguen ningún patrón. Clarifican unha ou ninguha responsabilidades, datas límites e como avaliar a eficacia do proexecto.
3- Panel da Saúde		Elaboran propostas variadas de temas a incorporar ao seu panel da saúde, facendo un calendario de que propostas poden incorporar cada mes.	Elabora un plan semanal para os 4-5 días da semana acadando os niveis mínimos de cada tipo de actividade.	Elabora un plan semanal para os 3-4 días da semana acadando en 2-3 días os niveis mínimos de cada tipo de actividade.	Elabora un plan semanal para 1-2 días da semana acadando acadando alomenos en 1 día os niveis mínimos para cada tipo de actividade.
Traballo pequeno grupo		Todos traballaron e contribuíron por igual para a elaboración do proxecto.	Todos os membros do grupo traballaron dalgunha maneira para a elaboración do proxecto.	Algúns compoñentes do grupo non aportaron para a elaboración do proxecto.	O grupo non funcionou e o proxecto foi realizada por un ou dous compoñentes do grupo.
Traballo clase		Tódolos grupos traballaron e contribuíron por igual para elaborar proxectos para unha exposición no centro	Tódolos grupos traballaron dalgunha maneira para elaborar proxectos para unha exposición no centro	Algúns grupos non aportaron datos para elaborar proxectos para unha exposición no centro	O grupo-clase non funcionou e un ou dous pequenos grupos elaboraron proxectos para unha exposicion no centro

CREDITOS

- Todas as imaxes empregadas foron localizadas a través do buscador http://www.searchcreativecommons.org con permiso para modificar e adaptar.
- Os gifs animados empregados foron extraidos de xeito grátis das webs http://www.gifsanimados.org e http://www.gifanimados.com

ENLACES

Campaña “Chanzo a Chanzo”. [En liña]. Dispoñible en http://www.sergas.es/Saude-publica/Paso-a-Paso-Chanzo-a-Chanzo. [Accedido: 30-dec-2016]

Thefuntheory.com. Piano stairs. [En liña]. Dispoñible en https://www.youtube.com/watch?v=2lXh2n0aPyw. Accedido: 30-dec-2016]

«ADDICT SOUND - Way to Success | Jamendo Music | Descargar música gratis». Accedido 13 de decembro de 2016. https://www.jamendo.com/track/1334807/way-to-success.